



**ANUNCIO RESOLUCIÓN RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PROCESO SELECCIÓN 3 POSTOS DE PEÓNS OBRAS PÚBLICAS, NOMEAMENTO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E CONVOCATORIA PROBAS.**

Por resolución da Alcaldía do día 9 de febreiro de 2023, aprobouse definitivamente a lista de admitidos e excluídos da convocatoria relativa ao proceso de selección de persoal laboral temporal, 3 Peóns Obras Públicas do Concello de Paradela, a designación de membros do tribunal e data de constitución do mesmo, así como o lugar e hora de realización do proceso de selección.

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Rematado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso de selección de persoal laboral temporal, 3 Peóns Obras Públicas, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022-Programa fomento do emprego e de conformidade co establecido nas bases aprobadas xunto coa convocatoria en resolución da Alcaldía do 17 de xaneiro de 2023, e en virtude do artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado e do artigo 21.1g), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, RESOLVO

**PRIMEIRO.** Aprobar a seguinte relación de aspirantes admitida/os e excluída/os, da/os candidata/os participantes no proceso de selección, que cumpren cos requisitos das bases da convocatoria dos 3 postos de Peóns Obras Públicas.

**RELACIÓN DE ASPIRANTES**

**ADMITIDA/OS:**

<b>Nome e apelidos</b>
David Cela López
Fernando González López
José López López
Daniel López Garcia
José Manuel López Díaz
German Garcia Arias
José Antonio Díaz Arias
José Luis Tur Barja

**EXCLUÍDA/OS:**

Ningún.

**SEGUNDO.** Neste suposto que non é obxecto de exclusión de candidata/os, nin é necesario o trámite de emenda polos candidata/os que participan no proceso de selección, do que a documentación presentada é correcta, e de acordo co establecido na cláusula sexta das bases que regulan este proceso de selección, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data de constitución, lugar e hora de realización das probas, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es)



**TERCEIRO.** Visto o establecido na cláusula sétima das bases que regulan este proceso de selección, procedese a designar como membros do tribunal cualificador e fixéndose a data da súa constitución para o día 17 de febreiro de 2023:

— Presidente: D. José Luis Rodríguez López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo)

— Suplente: Alicia de la Iglesia López, Empregada pública do Concello de Portomarín (Lugo).

— 1º Vogal: D. Manuel Piñeiro López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D<sup>a</sup>. Ana Candame Areosa, Empregada pública do Concello de Brión (A Coruña)

— 2º Vogal: Manuel Eduardo López Vázquez, Empregado público do Concello de Becerreá (Lugo).

— Suplente: D<sup>a</sup>. Antía Pena Dorado, Empregada pública do Concello de Ponteceso (A Coruña).

— 3º Vogal: D<sup>a</sup>. María José Golas Moure, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: María Cristina González Santín. Empregada pública do Concello de Monforte de Lemos (Lugo).

— Secretario: D<sup>a</sup>. Ruth López-Mosquera García, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D. José López González. Empregado público do Concello de Dozón (Pontevedra).

**CUARTO.** Os candidatos que non acreditarán o coñecemento de galego mediante a achega do CELGA 2, en cumprimento do establecido na cláusula cuarta, apartado h), realizarán a proba de galego, o día 23 de febreiro de 2023, ás 9:00h, na Casa do Concello de Paradela. Rúa Cabaleiros de Santiago, 15. 27611 Paradela (Lugo), ao ser un requisito para participar no proceso de selección.

A continuación, a realización da fase de oposición, terá lugar o día 23 de febreiro de 2023, en primeiro lugar a proba teórica ás 10:00 horas, na Casa do Concello de Paradela. Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15. 27611 Paradela (Lugo). Trala finalización da proba teórica, o tribunal publicará as puntuacións e aqueles candidatos que superen a proba teórica poderán realizar a continuación a proba práctica. Na mesma xornada e segundo o establecido nas bases que rexen o proceso de selección, procederase o acto de valoración de méritos da fase de concurso,

**QUINTO.** Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos para os efectos oportunos, a designación do tribunal e a data de constitución do mesmo, así como o lugar e hora de realización do proceso de selección.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.

O Alcalde,  
Asdo: José Manuel Mato Díaz

A Secretaria-Interventora  
Asdo: Ruth López-Mosquera García

Documento asinado ao marxe electronicamente..”



Isto faise público de conformidade co disposto nas bases da convocatoria do proceso de selección de 3 postos de peóns obras públicas ao abeiro do Plan provincial único de cooperación cos Concellos 2022-Programa Fomento do Emprego.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es), ante o alcalde do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

**Paradela, na data da sinatura electrónica ao marxe.  
O alcalde,  
Documento asinado ao marxe electronicamente**

